

A LENDA DO MAR SALGADO

Había unha vez dous irmáns que vivían nunha aldea de pescadores en Asia. Chen, o maior, era malo e envexoso. Liu, o máis novo, era moi traballador. Todas as mañás saía a pescar coa súa barca, pero as súas redes estaban moi vellas, rompían por todas as partes e os peixes escapábanse.

Unha noite, Liu estaba tan desesperado que non podía durmir. Entón aparecéuselle un vello.

- **Liu ti fuches traballador- díxolle-, e por iso vouche regalar este pucheiro de barro que é máxico. Fará cambiar a túa vida. Só terás que dicilo: "Pucheiro, dáme sal" e encherase dese alimento tan necesario para as persoas. Logo diraslle " Deteña, moitas grazas", e o pucheiro quedarase baleiro.**

Así o fixo Liu. Cada mañá falaba co pucheiro e este enchíase de sal. Liu vendíaa e gañaba moito diñeiro. Chen, o seu irmán, estaba verde de envexa. Unha mañá espiou o seu irmán e oiuno dicir: "Puchero, dáme sal". En canto Liu partiu cara ao mercado, Chen roubou o pucheiro e fuxiu con el na súa barca. En alta mar pronunciou a fórmula máxica: "Puchero, dame sal". O pucheiro encheuse de todo e máis que de todo; o sal derramouse pola barca ata enchela. A barca empezou a afundirse, a afundirse...

-¡Socorro, ímonos ao fondo! -berraba Chen, pero non sabía a formula para deter o pucheiro.

A barca, Chen e o pucheiro fóronse ao fondo do mar.

O pucheiro segue alí dando sal, e sal e máis sal e por iso o mar é salgado.

FONTE:

Lidia Carracedo García

4 B Primaria